

II CONCURSO DE MICRORRELATOS: *Escribe a historia que hai detrás*

BASES

1. Obxecto

Os equipos de Dinamización de Lingua Galega e de Biblioteca do C.I.F.P. A Xunqueira presentan o concurso de microrrelatos: *Escribe a historia que hai detrás*.

Trátase de contar a historia que che inspira calquera das obras participantes no anterior concurso de fotografía “Unha ollada a outro xeito de contar e de ler” (expostas agora no corredor que vai do edificio principal á cafetería); é dicir, consiste en escribir un microrrelato en galego vinculado á imaxe escollida e ao título da mesma.

2. Participantes

Poderá participar o **alumnado, persoal docente e persoal non docente** do C.I.F.P. A Xunqueira do actual curso 2023-24.

3. Requisitos:

- A participación terá carácter **individual**, podendo presentar un **máximo de dous microrrelatos**.
- O texto estará escrito en **lingua galega**.
- Número máximo de palabras por relato: **150 palabras** (sen contar o título).
- Tamaño e tipo de letra: Times New Roman, 14.
- Título do microrrelato: o mesmo que o da fotografía elixida.
- O texto debe ser orixinal e inédito. A responsabilidade ante calquera reclamación relativa a dereitos de autoría recaerá sobre a persoa que o presenta.

4. Procedemento para participar

Enviarse un correo electrónico a edlg.cifp.xunqueira@edu.xunta.gal, indicando no asunto “Concurso de microrrelatos”.

Xuntarse cada microrrelato nun arquivo en pdf nomeado co título da fotografía e no corpo do correo indicaranse os seguintes datos:

- Nome e apelidos.
- Colectivo: alumnado, profesorado ou PAS.
- No caso do alumnado, indicar ciclo e curso.
- Título da fotografía escollida.

5. Prazos

O prazo de envío de microrrelatos permanecerá aberto **ata o 29 de febreiro ás 23:59 horas**.

Do 11 ao 20 de marzo expóranse os microrrelatos xunto ás correspondentes fotografías. Durante os días de exposición a comunidade educativa poderá expresar a súa opinión sobre os mesmos, cubrindo as tarxetas habilitadas e introducindoas nunha urna que estará dispoñible no edificio principal.

Con posterioridade a esa data o xurado emitirá o seu fallo e farase un **sorteo coas persoas que participaron expresando a súa opinión sobre os relatos**, realizándose un acto para a entrega de premios.

6. Xurado

O xurado estará formado por membros do equipo de Dinamización da Lingua Galega e de Biblioteca. O xurado non coñecerá a autoría dos relatos presentados.

O fallo do xurado será comunicado no acto de entrega de premios, cuxa data se fará pública con anterioridade.

Os microrrelatos serán valorados segundo os seguintes **criterios**:

- Capacidade de xerar sensacións e emocións.
- Creatividade.
- Corrección na expresión escrita.

Contra o fallo do xurado non poderá interpoñerse reclamación algunha.

7. Premios:

- Premio: vale de 60 euros en produtos culturais.
- Sorteo á participación: vale de 30 euros en produtos culturais.

Os premios serán entregados no acto convocado para tal fin. Poderán quedar desertos en caso de que non se presenten relatos ou opinións, non reúnan os requirimentos establecidos ou resulten ofensivos e irrespectuosos.

8. Observacións:

- Os microrrelatos presentados serán expostos no centro educativo.
- Os microrrelatos pasarán a formar parte do C.I.F.P. A Xunqueira, que fará un uso educativo non comercial dos mesmos, facendo constar a súa autoría.
- **A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.**